

Informe verbo de *Golfo Ártabro* e rías

O xenérico *Golfo de...* na xeografía galega carece de uso popular, documental e cartográfico, porque o característico das costas galegas non son os golfos senón as rías (altas ou baixas), nas que o mar sobe río arriba en marea alta, fenómeno que se converte en metáfora léxica e que, como tal, encontramos noutras linguas coma un préstamo hispánico, se non galego.

Os mariñeiros galegos non designan ningún lugar da nosa costa como *Golfo Ártabro* e nunca din que navegan ou que están pescando no *Golfo Ártabro*. O nome de *Golfo Ártabro* é unha etiqueta que a maior parte dos galegos non saberían onde situar. Parece unha restauración cultista que puido aparecer nos anos 1933-1934 nun traballo de López Cuevillas (“Estudos sobre a Edade do Ferro no NW peninsuar” en *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* VI, 1934; 264-265) e que divulgou en 1962 Otero Pedrayo na súa *Guía de Galicia*.

O fundamento desa innovación é moi fráxil, porque, se lle facemos caso a Pomponio Mela (I dC), que describe o *sinus Artabrorum* (“Golfo dos Ártabros”) teríamos que *in Artabris sinus ore angusto admissum mare non angusto ambitu excipiens Adobricam urbem et quattuor amnium ostia incingit* (“No territorio dos ártabros hai unha badía que dá entrada a un mar ancho por unha boca estreita, recíbeo nun espazo amplo e baña a cidade de Adóbrica e a foz de catro ríos”). Como se ve, este *Golfo ártabro* de entrada estreita non cadra de maneira ningunha co que agora pretenden chamar *Golfo Ártabro*.

E, se se atende a *Xeografía* de Ptolomeo (100-175) que foi quen por primeira vez utilizou na descrición xeográfica o sistema numérico de latitudes e lonxitudes (aínda que fose algo diferente do utilizado hoxe), resulta que o *Portus Artabrorum* estaría nas proximidades de Corcubión, quizais non lonxe desa cidade asolagada de *Dugium* (Duio).

A conclusión é que, de momento e como mínimo, estamos ante un asunto confuso e, falando de toponimia galega, parece que procede desaconsellar introducir nos mapas a innovación *Golfo Ártabro*, sexa para ese conxunto de catro ou de dúas rías, e non só por falta de uso entre os mariñeiros senón tamén por non ter fundamento histórico suficientemente contrastado e coherente.

En canto ás rías de *Betanzos* e de *Ares* parece aconsellable manter na cartografía o uso secular separado para cada unha delas, porque cada unha delas fai referencia a territorios e ríos

REAL ACADEMIA GALEGA

diferentes: Betanzos cos seus ríos Mandeo e Lambre (na *ría de Betanzos*) e o Eume (na *ría de Pontedeume*, tamén chamada *ría de Ares*).

Rúa Tabernas, 11 - 15001 A Coruña
Tlf. 981 207 308 / Fax 981 216 467
secretaria@academia.gal
www.academia.gal

